

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA TRINTA E UN DE MAIO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día trinta e un de maio de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e catro de maio do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Acordo, se procede, sobre cambio de titularidade de licenzas de actividade

2.1.- Solicitud num. 700/11 de don José García García

Vista a solicitude núm. 700/11 presentada por José García García en representación de GARCÍA GARCÍA, S.C., para transmisión da titularidade da licenza de apertura de establecemento destinado a SUPERMERCADO, sito no lugar de Sarandón da parroquia de San Miguel de Sarandón, deste termo,

Considerando que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza con data do 24/02/2000, visto o informe emitido polos Servizos Técnicos Municipal e tendo en conta que se cumpren os requisitos que establece o art. 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955.

Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, a Xunta de Goberno Local acorda:



Primeiro.- Autorizar a transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de see o caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que determinaron a concesión da licenza no seu día.

Segundo.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de douscentos corenta euros con corenta céntimos (#240,40#) que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais, requisito sen o cal esta licenza surtirá efecto algún.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, ao transmitente e ao adquirente.

2.2.- Instancia num. 699/11 de don José García García

Vista a solicitude núm. 699/11 presentada por José García García para transmisión da titularidade da licenza de apertura de establecemento destinado a TABERNA, SUPERMERCADO E ESTANCO (denominado comercialmente TABERNA DO FERRADOR) sito no lugar de Sarandón da parroquia de San Miguel de Sarandón, deste termo,

Considerando que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza con data do 21/08/1998, e tendo en conta que se cumpren os requisitos que establece o art. 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955.

Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, a Xunta de Goberno Local ACORDA

Primeiro.- Autorizar a transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de ser o caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que determinaron a concesión da licenza no seu día.

Segundo.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de cento vinte euros con vinte céntimos (#120,20#) que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais, requisito sen o cal esta licenza surtirá efecto algún.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, ao transmitente e ao adquirente.

3º.- Certificacións de obras

3.1.- Certificación num. 1 e final da obra de *Ampliación da rede de saneamento en Outeiro do PCC 2008-2011*

Dáse conta da certificación num. 1 e final da obra de *Ampliación da rede de saneamento en Outeiro (código 11.3300.0244.0)*, incluída na 1ª fase da anualidade 2011 do Plan de Cooperación cos concellos (PCC 2008-2011), e máis da factura num. 00227-11 da empresa adxudicataria Construcciones Boqueixón, S.L, por importe de trinta e nove mil douscentos noventa e catro (#39.294,00#) euros, sendo o director das mesmas o arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación



4º.- Acordo sobre clasificación ofertas contrato de servizos de conservación, reposición e mantemento dos alumeados públicos municipais

Visto que con data 03/05/2011 a Xunta de Goberno Local aprobou o prego de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación do contrato de servizos de conservación, reposición e mantemento dos alumeados públicos municipais, mediante procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido no artigo 153.1 da Lei 30/2007, de contratos do sector público (LCSP)

En función da proposta da Mesa de Contratación; examinada a documentación e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda e no artigo 135.3 da Lei 30/2007, de contratos do Sector Público,

A Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Clasificar as proposicións presentadas polos licitadores, atendendo á proposta feita pola Mesa de Contratación, de conformidade co seguinte orde decrecente:

- 1.- MONTAJES ELÉCTRICOS VIZCAINO, S.L.
- 2.- REVILLA Y GARCÍA, S.L/JOSÉ LUÍS QUINTAS FRANCO

Segundo.- Notificar e requerir a MONTAJES ELÉCTRICOS VIZCAINO, S.L, licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presente no prazo de dez días a contar dende o seguinte ao que reciba o requerimento, a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

b) De dispor efectivamente dos medios que se houbese comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 53.2 da Lei de Contratos do Sector Público

c) Resgardo de ter constituido a garantía definitiva

5º.- Acordo, se procede, sobre execución de avais

5.1.- Execución aval depositado pola promotora Val de Matelo, S.L para obras de *urbanización do tramo de camiño en Laraño -San Xián de Sales*

Con data 07/11/2003 a promotora Val de Matelo, S.L constituiu aval no Banco Popular Español S.A para responder da *obra de urbanización tramo de camiño en Laraño-San Julián de Sales (Vedra)* por importe de quince mil douscentos noventa euros con setenta e tres céntimos (#15.290,73#). Aval inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 1268/00036.

Á vista da memoria valorada redactada polos servizos técnicos municipais para a subsanación das deficiencias nas citadas obras de urbanización, por Resolución da Alcaldía acordouse requerir á citada `promotora para que no prazo de 10 días presentase as alegacións que considerase oportunas e asimismo publicouse anuncio de exposición pública do expediente no BOP un. 91/11, do 13 de maio.

Durante o prazo de exposición pública non se presentou ningunha reclamación



Visto o informe de Secretaria, , a Xunta de Goberno acorda :

Primeiro. Requerir á Entidade Banco Popular Español, S.A a execución da garantía prestada pola promotora Val de Matelo, S.L, mediante aval inscrito no Rexistro Especial de Avals co número 1268/00036 e que ascende á cantidade de quince mil douscentos noventa euros con setenta e tres céntimos (#15.290,73#).

Segundo. Ordenar que se proceda a efectuar as pertinentes notificacións aos interesados de conformidade co establecido no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

5.2.- Aval depositado por Dago, S.A pata responder da execución das obras de *Acondicionamento da estrada Oza -Cibrán (San Xián de Sales)*

Visto o informe do director das obras incluídas no proxecto de *Acondicionamento da estrada Oza -Cibrán (San Xián de Sales)* no que pon de manifesto que o acabado da mesma atópase nun estado bastante precario, pola inadecuada adherencia da capa de rodadura, con considerables desprendementos de regos asfálticos, ademais de carencias na consistencia do recheo dos apoios da ponte, posiblemente por unha eventual falta de compactación, polo que se considera necesario establecer un firme homoxéneo en toda a superficie da estrada, eliminando as posibles desnivelacións que se houbesen xerado, así como proceder o recheado e compactado dos estribos da ponte.

Por Resolución da Alcaldía de data 30/04/2011 acordouse requerir á empresa Dago S.A para que no prazo de 10 días presentase as alegacións que considerase oportunas; de non ser así que se emitise informe de Secretaria sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para proceder á execución do aval constituído para responder da execución das mesmas

I. Dado que a citada empresa non presentou alegación algunha no prazo concedido e visto o Informe de Secretaría de data 24/05/2011, propónse:

PRIMEIRO. Requerir á entidade Compañía Española de Seguros y Reaseguros de Crédito y Caución, S.A a execución da garantía definitiva prestada polo contratista Dago, S.A, adxudicatario do contrato de *Acondicionamento da estrada Oza-Cibrán (San Xián de Sales)* do POS 2008, mediante Seguro de caución nº 3.908.818 e que ascende á cantidade de catro mil setecentos corenta e sete euros con oitenta e nove céntimos (#4.747,89#).

SEGUNDO. Proceder á notificación do presente acordo ao avalista e ao contratista

6.º- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

6.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e catro de maio do ano que andamos, pola que se acorda cincoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística respecto das actuacións que se levan a cabo sobre da edificación ubicada en Rozadela, consistente na demolición de muros interiores de mampostería e da que figura como titular catastral dona Carmen Carrillo López

A Xunta de Goberno dáse por enterada



7º.- Outros asuntos

7.1.- Comunicación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Dáse conta da comunicación da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos relativa á autorización da desafectación, solicitada polo concello, das escolas unitarias de Illobre, Ponte Ulla, San Mamede de Ribadulla a casa dos mestres de Vilanova.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

Concléu ao fio das vinte e dúas horas e vinte minutos

